



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE. Expte nº 143/2025.

O pleno do Concello de Castroverde en sesión ordinaria de data 29.05.2025 aprobou provisionalmente a “Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través da beirarrúa e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase”, cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

PRIMEIRO. Aprobar a imposición e ordenación da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase e os elementos tributarios condicionantes da cota tributaria.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase nos termos que figura no expediente.

TERCEIRO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do respectivo anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e formular as reclamacións que estimen oportunas.

CUARTO.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Téndose publicado o dito acordo no Boletín Oficial da Provincia núm. 135 do 14 de xuño, e transcorrido o prazo de 30 días hábiles de exposición pública sen presentarse alegacións contra a ordenanza, elévase a definitiva a aprobación provisional e publícase integramente, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, o texto íntegro definitivo atópase publicado no portal de transparencia municipal, no seguinte enlace: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/transparency/1660a50f-64d1-48ec-90fc-9718f5832ca9/>, de conformidade co disposto nos artigos 7 c da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 46 en relación co artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, do 23 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa.

O texto íntegro da Ordenanza Fiscal aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e a que en particular concede respecto á taxas o artigo 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora

das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas se axustan ás disposicións contidas nos artigos 20 a 27 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e ós preceptos da Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co previsto no artigo 20.1 do Texto refundido na Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004, do 5 de marzo, constitúe o feito imponible da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local, a entrada de vehículos a través de beirarrúas, reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

ARTIGO 3.- OBRIGADO TRIBUTARIO

- Son obrigados tributarios a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.
- Terán a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas por entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas ou pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das fincas e locais que dean acceso as ditas entradas de vehículos, quen poderán repercutir no seu caso as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES

Os efectos de recoñecer ós responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ó disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- EXENCiónS, BONIFICACiónS E NON SUXECIónS

- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como as Mancomunidades ou Agrupacións de que forme parte o Concello, non estará obrigadas ó pago das taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial polos aproveitamentos inherentes ós servizos públicos de comunicación que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou a defensa nacional.
- Salvo o disposto no apartado anterior, non se concederán máis exencións ou bonificacións que as que expresamente establezan as Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

ARTIGO 6.-DEVENGO E PERíODO IMPOSITIVO

- a. A taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento que a estes efectos enténdese que coincide co de concesión da licenza, se a mesma fose solicitada, e con posterioridade anual, devengándose o un de xaneiro de cada ano, para os sucesivos anos de aproveitamento especial.
- b. Cando se tivese producido o aproveitamento especial sen solicitar a preceptiva licenza, o devengo da taxa ten lugar no momento do inicio de dito aproveitamento, e anualmente, a un de xaneiro de cada ano, para os sucesivos anos de aproveitamento especial.
- c. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de novas autorizacións e renuncias de aproveitamento, en que se prorrateará por trimestres naturais, tendo efectividade no caso das altas no trimestre natural no que se autoricen e no caso das baixas, no trimestre natural seguinte.

ARTIGO 7.-BASE E COTA TRIBUTARIA

1. Tomarase como base da presente exacción a superficie lineal reservada para as entradas ou accesos, as reservas de espazo para parada, carga e descarga, distancia que se computará no punto de meirande amplitude ou anchura do aproveitamento

2. O importe da taxa determinarase con arreglo ó seguinte cadro de tarifas:

- Por reserva de vía pública para entrada de propiedades a través de beirarrúas (e reserva de aparcamento) **6,00 €/metro-lineal**.
- Por reserva de vía pública para entrada de propiedades a través de beirarrúas sen badén (e reserva de aparcamento) **3,00 €/metro-lineal**.

ARTIGO 8.- NORMAS DE XESTIón

- As persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados na presente ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente autorización detallando a extensión e o carácter do aproveitamento requirido. Adxuntarán un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do municipio. Igualmente deberá presentarse a oportuna declaración nos casos de alteración ou baixa de aproveitamentos xa concedidos

- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente declaración de baixa ou modificación. Non obstante, o Concello poderá en calquera momento e por razóns debidamente motivadas deixar sen efecto a autorización sen ter o contribuínte dereito a ningunha indemnización
- Os titulares do aproveitamento, aínda que por calquera motivo puideran estar exentos do pago da correspondente taxa, deberán dispor da placa regulamentaria para a sinalización do mesmo. A falta de instalación de placas ou o emprego doutras distintas ás regulamentarias impedirá ós titulares da autorización o exercicio do seu dereito ó aproveitamento. Correrá de cargo do beneficiario a compra da placa. A placa será facilitada polo concello figurando a data de concesión e número de orde anual.
- Tratándose de concesión de novos aproveitamentos, a taxa esixirase en réxime de liquidación, que se notificará individualmente, debendo efectuarse o ingreso no lugar e prazo sinalado.
No caso de que fose necesario a execución de obra de rebaixe de beirarrúa ou calquera tipo de obra para poder desfrutar do aproveitamento especial, esta non poderá levarse a cabo ata que se teña acreditado polo interesado o abono da taxa liquidada no momento da alta.
- Tratándose de baixas de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, practicarase autoliquidación no momento de presentar a solicitude, polos trimestres naturais de desfrute do aproveitamento.
- Tratándose de concesión de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, elaborárase un padrón anual, liquidándose a taxa polo sistema de recibo. O período de cobro será o que anualmente se determine no momento da aprobación do padrón.

ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións e sancións tributarias, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa que a complementa ou desenvolva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Unha vez que a presente Ordenanza entre en vigor, deberán revisarse de oficio as reservas e vaos existentes para a súa adaptación á mesma.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda expresamente derogada a Ordenanza Fiscal reguladora desta mesma taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 continuado a súa vixencia en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Non habendo intervención, sométese a proposta de alcaldía a votación, resultando aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Castroverde, 9 de setembro de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2532

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE XULLO DE 2025

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 11 de agosto de 2025, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de XULLO, por un importe total de 5.689,13 € e a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18 de agosto, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de XULLO, por unha base imponible de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 10 de setembro de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2533

GUITIRIZ

Anuncio

MODIFICACION DO PREZO PUBLICO DO SERVIZO DE CATERING NA ESCOLA INFANTIL.

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 2 de Setembro de 2025 acordou a modificación do prezo público do servizo de catering da escola infantil: : 4,91 euros/ neno/ día.

Guitiriz, 3 de setembro de 2025.- A Alcadesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2534

LUGO

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiranse tódolos recibos do contribuínte

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados que a partir do vindeiro día 20 de agosto e ata o 20 de outubro do ano 2025, ambos inclusive, pónse ó cobro en período voluntario o padrón de recibos correspondente ó ano 2025 dos tributos que de seguido se relacionan

- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

- Taxa por Aproveitamentos Especiais da Vía Pública (Entrada de Vehículos-Vaos)

Para o cobramento dos citados tributos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 07 de outubro de 2025.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advertese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de Novembro de 2025, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos; todo elo sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se puideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria Lugo, 2 de setembro de 2025.- O ALCALDE, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, Miguel Fernández Méndez.

R. 2535

POL**Anuncio**

Por Decreto de Alcaldía, de data 8 de setembro de 2025, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao meses de xullo e agosto de 2025, que se expoñen ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 9 de setembro de 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2536

A PONTENOVA**Anuncio****CONVOCATORIA PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

Por decreto da alcaldía de data 12/09/2025 apróbanse as bases que rexerán a contratación por concurso – oposición dun posto de auxiliar administrativo como funcionario interino durante un período de (3) tres meses a xornada completa no Concello da Pontenova, como persoal de apoio no marco do proxecto subvencionado: “Proxecto Piloto de Videoasistencia a Maiores e Emprendemento Asociado”.

Prazo de presentación de instancias: CINCO DÍAS hábiles a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP (de 09:00 horas a 14:00 horas, no Rexistro xeral do Concello de A Pontenova, Praza do Concello s/n – 27720 – A Pontenova), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (<https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0>) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.-

Bases da convocatoria: publicadas na sede electrónica municipal https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0_e e no taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

A Pontenova, 12 de setembro de 2025.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2545

PORTOMARÍN**Anuncio**

Aprobado o PADRON de:

-Tasa SAF periodo XULLO de 2025.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 19 de DE AGOSTO 2025 ao 19 DE SETEMBRO de 2025.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de A Banca – Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por calquier circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da A Banca.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

Portomarín, 19 de agosto de 2025.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2546
